



# A FOLLA DA CGT

Núm. 11 - 20 febreiro 2020



## E a casa sen varrer

¿De verdade que para facer unha reunión de traballo hai que **disfrazarse** e montar un decorado de película?

¿Ou para facer unha reunión do Comité de Dirección hai que irse a un establecemento de **turismo rural** a facer prácticas de cociña?



Cunha nova redución de persoal feita sen ningunha previsión para que non se perda coñecemento, cunha subcontratación galopante que ameaza con devorar Navantia, nuns poucos meses non teremos onde cravar unha punta, o proceso

dos novos ingresos é unha desfeita, do novo dique cuberto agora din que non saben nada... a casa sen varrer, e mentres tanto, a dirección está entretida con **frivolidades**.



Navantia, S.A., S.M.E

42.935 seguidores

24 minutos • 🌐

Viajamos al futuro de Navantia con nuestra Presidenta y el Director de RRHH durante el evento anual de **#RRHH**, ambientado en la película **#RegresoAlFuturo**.

Con un DeLorean y un Condensador de Fluzo presidiendo la sesión, los equipos de **#Ferrol**, **#BahíaDeCádiz**, **#Cartagena** y **#Madrid** tratarán, durante los próximos dos días, los temas estratégicos fundamentales para el futuro de la compañía.

Si quieres saber más sobre lo que estamos haciendo, pulsa "seguir" en la página de Navantia 😊

**#Emoción #Ganas #RecursosHumanos #Navantia #Naval #Defensa #Ingeniería #Personas**

**Susana de Sarriá**  
**Fernando Ramirez Ruiz**

## ¿'Efecto chamada' na Industria Auxiliar?

Noticia protagonizada polo director de Navantia-Bahía no *Diario de Cádiz* do día 13:

Di que non se pode descapitalizar a IA e que se teme o "**efecto chamada**" dos novos ingresos sobre os traballadores de compañías.

¿Alguén ten aínda dúbidas de que se argalla todo o posible para que os traballadores da IA non teñan oportunidades **reais** de ingresar en Navantia?

Utilizar esa expresión racista, tan usada pola dereita contra os traballadores que tentan fuxir da miseria nos seus países, para calificar a natural aspiración dos compañeiros/as da IA a ter un **emprego digno** ten, neste caso, un inequívoco tufo **clasista**.

Tamén dixo que a IA "forma parte de Navantia". Serán os empresarios, porque ós seus traballadores xa se ve que os trata como **traballadores de segunda**.

## Subcontratación: outro exemplo do saqueo

Noticia na web de Infodefensa o día 13: "Ghenova deseñará buques para a Armada brasileira".

¿De onde sacou a capacidade? A propia noticia o di: "participación en proxectos como a fragata F-105, o LHD Juan Carlos I ou os LHD de Australia, todos eles buques de Navantia".

Algúns lembramos como foi a historia: os responsables de Navantia déronlle a Ghesa (a predecesora de Ghenova) os planos da serie F-100.

Anos despois, Ghenova se fai cun concurso que podería ter representado carga de traballo para a nosa Enxeñería se a dirección non levase anos **saboteando Na-**

**vantia** regalándolle o coñecemento a empresas privadas.

**A subcontratación é o problema máis grave a futuro.** Ou os traballadores revertemos a situación, ou será cuestión de tempo que algunha compañía se presente a un concurso para a Armada española. De feito, xa se baralla a posibilidade de que o BAM-IS se constrúa nun estaleiro privado.

O comité de empresa debe tomar **en serio** este asunto e poñer o **foco** sobre el.

A carga de traballo ten que ser para a empresa pública e os traballadores, non para os empresarios parásitos da IA e os seus compinches na dirección de Navantia.

## Aliados pouco recomendables

Navantia anuncia a súa adhesión, para o 27 deste mes, a "La Alianza", unha rede de fomento da **FP Dual**.

¿Quen a promove? A Fundación Bertelsmann (empresa editorial de capital alemán, propietaria durante moitos anos do Círculo de Lectores), a **CEOE**, a Cámara de Comercio de España e a Fundación Princesa de Girona, que un toque monárquico sempre queda ben.

¿Quen a goberna? Eses mesmos máis Acciona, Agbar-Suez, Supermercados Aldi, Bosch, Hoteles Meliá, Nestlé, la Caixa, Repsol, Bankia e Lidl.

Un síntoma máis da crecente tendencia da dirección a actuar como unha empresa privada.

Navantia é unha empresa **pública** e non pinta nada nunha alianza ó servizo de intereses privados.

## Asembleas

Remataron as asembleas parciais, das que facemos unha valoración positiva porque houbo unha alta participación. A única eiva foi a duración excesiva. Está claro que deben facerse con máis frecuencia (a anterior rolda foi en 2018).

O comité ten agora que respectar a **vontade dos traballadores/as** e poñerlle data xa á asemblea xeral. Non hai excusas.

## Calendario de mobilizacións

O calendario de mobilizacións aprobado na asemblea xeral do día 13 quedou como segue:

- **Xoves 20 Feb:** Saída á rotonda de Alcampo, volta até o Concello.
- **Xoves 27 Feb:** Concentración da porta do Arsenal e saída ós xulgados. Pola tarde, asistencia ó pleno de Ferrol.
- **Xoves 5 Mar:** Saída polo Porto, autovía, San Xoan, Estrada de Castela, Concello de Ferrol. Pola tarde, asistencia ó pleno de Fene.
- **Xoves 12 Mar:** Concentración na porta do arsenal.
- **Domingo 15 Mar:** Manifestación comarcal.
- **Xoves 26 Mar:** Mobilización conxunta Navantia Fene - Ferrol no cruzamento de Fene.



### Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213  
Telf. Exterior: 981 33 12 13

Correos electrónicos:  
cgt.fe@navantia.es  
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte información nas  
RRSS



**CGTNavantiaFE**